

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 27 DE XULLO DE 2023

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a vinte e sete de xullo de dous mil vinte e tres, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as dez horas deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 21 de xullo de 2023, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- APROBACIÓN DO PROTOCOLO DE ADHESIÓN AO SERVIZO PARA ASISTENCIA TÉCNICA E A DINAMIZACIÓN DA PARTICIPACIÓN DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS NO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA (PRTR)

Infórmase aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes que con data 7 de febreiro de 2023 o Consello de Ministros autorizou o encargo da Secretaría de

Estado de Presupostos e Gastos ao medio propio TRAGSATEC, que estará dirixido dende a Secretaría Xeral de Fondos Europeos para levar a cabo o servizo de asistencia técnica e dinamización da participación das administracións públicas no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), particularmente dirixido ás EELL de menos de 5.000 habitantes que son as que máis insuficiencia de medios técnicos e humanos teñen para poder participar no mesmo e cumprir coas obrigacións e requisitos que o mesmo leva conforme coa normativa europea e nacional.

O servizo ofertado, totalmente gratuíto para o Concello, engloba cinco grupos de actividades: Dinamización da participación das AAPP no PRTR e soporte á tramitación da adhesión ao servizo; asistencia técnica na participación, seguimento e execución de subproxectos; asistencia técnica na utilización do sistema de información integrado (Coffee); asistencia técnica no cumprimento das obrigacións de xestión do PRTR; e recopilación e difusión de boas prácticas.

O Sr. alcalde considera beneficioso para o interese público a adhesión a ese servizo ao obxecto de poder tramitar no futuro, de ser o caso, as diferentes solicitudes nas convocatorias de axudas e subvencións financiadas co PRTR. O servizo ofertado suporá un apoio aos diferentes servizos municipais na xestión dos trámites, particularmente complexos, de solicitude, execución e xustificación dos subproxectos nos que participe o Concello.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o Protocolo de Adhesión ao Servizo para asistencia técnica e a dinamización da participación de Administracións Públicas no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR), co contigo íntegro que se sinala no Anexo ao presente acordo.

Segundo.- Aceptar expresa e integramente as manifestacións do protocolo de adhesión e comprometerse ao cumprimento das obrigas que o Concello debe asumir en virtude do acordado.

Terceiro.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación que ostenta, asine o protocolo de adhesión e cantos outros

documentos resulten necesarios para a efectividade do presente acordo.

ANEXO

ACTO DE ADHESIÓN AL SERVICIO PARA ASISTENCIA TÉCNICA Y LA DINAMIZACIÓN DE LA PARTICIPACIÓN DE ADMINISTRACIONES PÚBLICAS EN EL PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN Y RESILIENCIA (PRTR)

En Rodeiro, a 27 de Julio de 2023

Don José Luis Camiñas Vázquez, en representación del Ayuntamiento de Rodeiro (Pontevedra), nombrado por el Pleno del Ayuntamiento en fecha 17 de Junio de 2023, y en ejercicio de sus competencias recogidas en la legislación de Régimen Local,

EXPONE

PRIMERO. Mediante Acuerdo de 27 de abril de 2021, el Consejo de Ministros aprobó el Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia (PRTR), que incorpora una importante agenda de inversiones y reformas estructurales.

El PRTR fue aprobado por la Comisión Europea el pasado 16 de junio de 2021, y por el Consejo de la Unión Europea el 13 de julio de 2021.

El PRTR se concibe como un proyecto de país que traza la hoja de ruta para la modernización de la economía española, la recuperación del crecimiento económico y la creación de empleo, tras la crisis del COVID-19, así como para preparar al país para afrontar los retos del futuro, que se ajusta al marco establecido en el Reglamento (UE) 2021/241 del Parlamento Europeo y del Consejo, de 12 de febrero de 2021, por el que se establece el Mecanismo de Recuperación y Resiliencia y en la Decisión de Ejecución del Consejo (CID) relativa a la aprobación de la evaluación del PRTR.

SEGUNDO. Con el objeto de garantizar el acceso igualitario de las AA.PP. a las actuaciones de ejecución del PRTR, independientemente de los recursos y capacidad disponible, la Secretaría de Estado de Presupuestos y Gastos del Ministerio de Hacienda y Función Pública encargó a Tecnologías y Servicios Agrarios, S.A., S.M.E., M.P. (en adelante, TRAGSATEC) el "Servicio para asistencia técnica y la Dinamización de la Participación de Administraciones Públicas en el Plan de Recuperación y Resiliencia (PRTR)", con el objeto de prestar soporte técnico a las AA.PP. para fomentar su participación en los proyectos y acciones enmarcadas en el PRTR.

Con fecha 28 de marzo de 2023, se ha publicado en la Plataforma de Contratación el encargo de la Secretaría de Estado de Presupuestos y Gastos del Ministerio de Hacienda y Función Pública a Tecnologías y Servicios Agrarios, S.A., S.M.E., M.P. (TRAGSATEC) del "Servicio para asistencia técnica y la Dinamización de la Participación de Administraciones Públicas en el Plan de Recuperación y Resiliencia (PRTR)".

TERCERO. El soporte técnico objeto del encargo consiste en las siguientes actividades a realizar por TRAGSATEC a las AA.PP. adheridas, que se concretarán en función de las necesidades y capacidades de las mismas:

- Presentación del servicio de dinamización.
- Asignación de interlocutor del equipo de apoyo en territorio y/o antena provincial.
- Atención telefónica, por videoconferencia o personal en el marco de las actividades del servicio de dinamización
- Comunicación de la existencia de convocatorias que les puedan resultar de interés del PRTR.
- Asistencia técnica o apoyo en la elaboración de documentación administrativa y técnica necesaria para la

presentación a esas convocatorias.

- Enlace entre la Administración y el equipo técnico de apoyo central.
- Asistencia técnica o apoyo en la elaboración de documentación para realizar el seguimiento de la ejecución de las actuaciones derivadas de las subvenciones o ayudas concedidas (informes de hitos y objetivos, etc.) en función de lo solicitado en cada convocatoria del PRTR.
- Asistencia técnica o apoyo en el seguimiento y ejecución del PRTR, mediante la elaboración de documentación acreditativa de las actuaciones ejecutadas dentro del sistema de información CoFFEE, según exige la normativa aplicable.
- Participación en jornadas formativas, grupos de trabajo u otras acciones que se organicen para dinamizar el acceso a las convocatorias del PRTR y su correcto desarrollo.
- Acceso a los materiales, guías y materiales explicativos recopilados en el desarrollo del servicio de dinamización.
- Información y apoyo a la implantación de buenas prácticas identificadas en desarrollo del servicio de dinamización que le puedan ser aplicables.
- Cualquier otra acción, enmarcada en el objetivo principal de la actividad, que proponga la dirección de los trabajos para su desarrollo en el territorio.

A los efectos previstos en los anteriores expositivos, efectúa las siguientes

MANIFIESTACIONES

PRIMERA. Que, mediante la suscripción del presente acto de adhesión, el Ayuntamiento de Rodeiro (Pontevedra) expresa su voluntad de adherirse al "servicio para la asistencia técnica y la dinamización de la participación de Administraciones Públicas en el Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia (PRTR)".

SEGUNDA. Que, la Administración Pública adherida participa en la ejecución del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia. Las correspondientes obligaciones según la normativa reguladora y, en concreto, las establecidas en la Orden HFP/1030/2021, de 29 de septiembre, por la que se configura el sistema de gestión del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia, la Orden HFP/1031/2021, de 29 de septiembre, por la que se establece el procedimiento y formato de la información a proporcionar por las Entidades del Sector Público Estatal, Autonómico y Local para el seguimiento del cumplimiento de hitos y objetivos y de ejecución presupuestaria y contable de las medidas de los componentes del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia y la Resolución 1/2022, de 12 de abril, de la Secretaría General de Fondos Europeos, por la que se establecen instrucciones a fin de clarificar la condición de entidad ejecutora, la designación de órganos responsables de medidas y órganos gestores de proyectos y subproyectos, en el marco del sistema de gestión del Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia, recaerán en los órganos correspondientes.

A tales efectos, la Administración Pública adherida se compromete a comunicar a TRAGSATEC la identificación del titular del órgano gestor responsable de los proyectos o subproyectos (incluidos instrumentales) de los que sea Entidad Ejecutora/instrumental, y comunicar cualquier modificación que se produzca durante la vigencia del servicio.

TERCERA. Que se designa al Sr. Alcalde Don José Luis Camiñas Vázquez en calidad de interlocutor con el personal de TRAGSATEC adscrito al Encargo y con los Responsables del Encargo o persona designada por estos dentro de su organización.

CUARTA. Que la adhesión tiene efectos desde la toma de razón por el Ministerio de Hacienda y Función Pública del presente acto de adhesión.

En prueba de conformidad del presente acto de adhesión al "Servicio para la asistencia técnica y la dinamización de la

participación de Administraciones Públicas en el Plan de Recuperación, Transformación y Resiliencia (PRTR)", se suscribe el mismo de forma electrónica.

3.- DECLARACIÓN DE COMPATIBILIDADE URBANÍSTICA PARA USO DO CHAN POR PARQUE EÓLICO

ANTECEDENTES

1º.- Don Óscar Vázquez Álvarez, na representación da sociedade PENA DA COSTA EÓLICA S.L., con CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social en Ourense, solicita con data 28 de xuño de 2023 (RE-E núm. 382) certificado urbanístico de compatibilidade do parque eólico SERRA DO FARO AMPLIACIÓN II, situado nas proximidades dos lugares de Casar de Seta e Farán, parroquia de Arnego.

2º.- Achégase documentación técnica asinada polo enxeñeiro industrial Don José Ernesto Rodríguez Blanco, en data 25/05/23.

3º.- Consta no expediente informe emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias con data 26/07/23.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- O artigo 40.4 da Lei 8/2009, do 22 de decembro, polo que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental dispón textualmente: *"Exceptúanse da obrigación da aprobación dun proxecto sectorial aqueles proxectos eólicos e as súas infraestruturas de evacuación que se implanten naqueles concellos onde a natureza do uso do chan sexa compatible con este tipo de infraestruturas. Para estes casos deberá achegarse, xunto coa documentación da solicitude, o certificado do concello que acredite esta circunstancia, en substitución do proxecto sectorial"*.

Segundo.- De conformidade co Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) en vigor, o parque eólico proxectado afecta a terreos clasificados como solo rústico de protección agropecuaria, solo rústico de protección forestal, solo rústico de protección de augas e solo rústico de protección de espazos naturais.

Terceiro.- Resulta de aplicación a Disposición Transitoria primeira da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do dolo de Galicia (LSG), na que se establece que ao solo rústico dos municipios con planeamento aprobado definitivamente con anterioridade a entrada en vigor da LSG e adaptado á Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, aplicaráselles o disposto na LSG para o solo rústico, mantendo, en todo caso, a vixencia das categorías de solo contidas no planeamento respectivo.

Cuarto.- As instalacións e infraestruturas de produción e transporte de enerxía correspóndense cun uso admisible en calquera categoría do solo rústico, sen prexuízo do disposto nos instrumentos de ordenación do territorio e, no seu caso, previa obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística, segundo o artigo 36.1 da LSG.

Quinto.- No solo rústico de especial protección será necesario obter a autorización ou o informe favorable do órgano que teña a competencia sectorial correspondente con carácter previo á obtención do título habilitante municipal ou autorización autonómica nos casos en que esta fose preceptiva (art. 36.2 da LSG).

Sexto.- Por resolución de data 23 de abril de 2023 da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais outorgouse autorización administrativa previa e autorización administrativa de construción das instalacións relativas ao proxecto do parque eólico Serra do Faro ampliación II (expediente ██████████). Dita resolución foi publicada no Diario Oficial de Galicia núm. 101, do día 30/05/23.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Declarar a compatibilidade dos terreos afectados polo proxecto do parque eólico SERRA DO FARO AMPLIACIÓN II coa clasificación de usos do solo establecida no Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) en vigor.

Segundo.- A presente declaración emítase aos únicos efectos do previsto no artigo 40.4 da Lei 8/2009, sen que supoña pronunciamento algún municipal sobre a legalidade, oportunidade ou conveniencia da instalación proxectada.

Terceiro.- As obras deberán cumprir con toda a normativa urbanística e medio ambiental de aplicación e dispor de todas as autorizacións e/ou permisos de carácter sectorial que resulten preceptivos.

4.- SOLICITUDE Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DO PLAN CONCELLOS PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO 2023 (LIÑA 3)

No Boletín Oficial da Provincia núm. 208, correspondente ao día 31 de outubro de 2022, publicáronse as bases reguladoras do Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3).

Por resolución da Alcaldía de data 4 de xaneiro de 2023 solicitouse unha subvención por importe de CENTO VINTE MIL CENTO CINCUENTA E CATRO EUROS CON OITO CÉNTIMOS (120.154,08 €) con cargo a dita do Plan Concellos, con destino ao financiamento da contratación de dez (10) traballadores/as desempregados/as.

A Deputación Provincial, por acordo da súa Xunta de Goberno adoptado en data 24/01/23, concedeu a axuda solicitada (expediente núm. XXXXXXXXXX).

A demora na provisión de varios dos postos de traballo subvencionados, en relación ao calendario inicialmente previsto, ocasionou un remanente económico a favor do Concello que permite financiar a contratación de dous (2) novos postos de peón de obras públicas por un período de dous (2) meses. Cómpre, en consecuencia, solicitar da Deputación a modificación do acordo inicial co obxecto de axustar o importe da subvención concedida aos custes laborais dos/as traballadores/as efectivamente contratados/as.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar da Deputación Provincial a modificación do acordo de concesión de subvención con cargo ao Plan Concellos para a activación do emprego da Deputación Provincial de Pontevedra 2023 (Liña 3), axustándoo ao importe de CENTO VINTE MIL NOVECENTOS CINCUENTA E SETE EUROS CON TRINTA E UN CÉNTIMOS (120.957,31 €), con destino ao financiamento da contratación de doce (12) traballadores/as desempregados/as, cos seguintes perfís profesionais: 1 traballador social, 1 educador social, 2 técnicos superiores en educación infantil, 6 peóns de obras públicas e 2 peóns teitadores en asfalto.

Segundo.- Aprobar a memoria descritiva modificada denominada *“Memoria global dos servizos Plan Concellos 2023. Liña 3 “Programa de activación do emprego”*.

Terceiro.- Colaborar no seu financiamento achegando a contía de OITOCENTOS TRES EUROS CON VINTE E TRES CÉNTIMOS (803,23 €), sendo este órgano o competente para comprometer as achegas.

Cuarto.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación do Concello, asine a nova solicitude e cantos outros documentos sexan necesarios para a efectividade do acordado.

5.- AUTORIZACIÓN PARA AUMENTO DE XORNADA ADXUDICADA NO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA (PAI), CURSO 2023-2024

VISTA a instancia presentada por Dona Mayessa Slendy Jaimes Flórez, con NIE núm. [REDACTED] e con domicilio no lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro (RE núm. 1271, do 24/07/23), pola que solicita o aumento da xornada que ten asignada o seu fillo Elián García Jaimes como usuario do Punto de Atención á Infancia (PAI) para o curso 2023-2024, pasando da quenda de mañá inicialmente concedida á de xornada completa de mañá e tarde.

A Xunta de Goberno Local, tendo en conta que a solicitude cumpre cos requisitos esixidos así como a existencia de prazas vacantes a esta data na quenda solicitada, de conformidade co informe favorable emitido pola mestra-directora do PAI Dona Raquel Blanco Valladares en data 26/07/23, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, acorda autorizar o aumento de xornada solicitado, con efectos do día 1 de setembro de 2023.

6.- SOLICITUDES E INSTANCIAS

- Asociación de mulleres rurais “Virxe do Faro”

VISTA a instancia presentada pola presidenta da ASOCIACIÓN DE MULLERES RURAS “VIRXEN DO FARO”, con CIF núm. [REDACTED] e con domicilio social no lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro (RE núm. 1256, do 20/07/23), pola que solicita a cesión temporal da instalación de titularidade municipal coñecida como “*pavillón polideportivo municipal*”, sito no lugar de Rodeiro, parroquia de Rodeiro, para a realización dunha actividade deportiva de pilates, os luns e os mércores entre os días 31 de xullo e 18 de outubro, ambos inclusive, en horario de 18:15 a 19:30 horas. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

1. Autorizar a cesión temporal da instalación municipal sinalada para o fin solicitado (actividade deportiva de pilates), nas datas solicitadas dos meses de xullo e agosto.
2. Denegar a cesión para os meses de setembro e outubro, ao estar dita instalación reservada previamente para adestramento dos diferentes equipos federados con sede no Concello.
3. Establecer a gratuidade de dita cesión ao tratarse dunha Asociación inscrita no Rexistro municipal de asociacións e entidades sen ánimo de lucro (inscrición núm. 2006/001), de conformidade co previsto no artigo 233 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais.
4. A autorización enténdese outorgada unicamente para a finalidade solicitada, quedando prohibido calquera outro uso da instalación alleo a dita finalidade sen previa autorización expresa do Concello.

5. O Concello non terá responsabilidade algunha pola conservación e custodia do material que os/as participantes na actividade depositen no local, que deberá ser recollido diariamente ao remate da actividade, deixando a instalación baleira para outros eventuais usos.
6. Non se poderá realizar ningún tipo de obra ou modificación no local cedido sen previa autorización expresa do Concello.
7. A presente autorización se entende concedida "a precario" podendo ser revogada ou suspendida temporalmente en calquera tempo polo Concello si a devandita instalación municipal faise necesario no futuro para outros usos de carácter público; revogación ou suspensión que, no caso de acordarse, non dará dereito algún de indemnización á Asociación solicitante.
8. O Concello non se fará responsable polos eventuais danos e prexuízos sufridos polos/as usuarios/as que estean motivados polo desenvolvemento da actividade ou polo mal uso da instalación cedida e, aos citados efectos, a Asociación solicitante deberá ter asegurada a responsabilidade civil durante todo o tempo que dure a mesma.
9. Esíxese aos/ás técnicos/as, monitores/as e alumnos/as usuarios/as a utilización axeitada da instalación cedida temporalmente e o bo uso dos seus elementos, sendo responsable a Asociación beneficiaria dos eventuais danos producidos na instalación polo uso descoidado ou negligente desta.

7.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos/as membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- FOTOGRAFÍA Y TIENDAS BERNABÉ S.L. 605,00 €
Por reportaxe fotográfica da sesión constitutiva da Corporación, s/factura núm. A/120.
- MARÍA ISABEL CONDE MOURE 110,00 €
Por arranxo floral para a sesión constitutiva da Corporación, s/factura núm. A/187.

- SERTECO-OR S.L. 384,76 €, 65,53 € E 61,71 €
Por traballos de mantemento das máquinas fotocopiadoras do Concello, s/facturas núm. 23A954, 23A956 e 23A955 (FACe).
- SERTECO-OR S.L. 106,47 €
Por subministro de tinta para impresoras, s/factura núm. 23A900 (FACe).
- SISTEMAS INFORMÁTICOS ANDIÓN Y MOURIÑO S.L. 545,00 €
Por subministro de material informático para o Concello, s/factura núm. 23135.
- COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER S.A. 6.689,52 €
Por consumos de enerxía eléctrica no Concello no mes de xuño de 2023, s/recibos.
- NATURGY IBERIA S.A. 5.205,93 €
Por consumos de enerxía eléctrica nas dependencias municipais no mes de xuño de 2023, s/recibos.
- TELEFÓNICA DE ESPAÑA S.A.U. 17,40 €, 52,01 € E 74,29 €
Por consumos de telefonía fixa, s/facturas núm. TA73H0001128, TA73H0001146 e TA73H0001147 (FACe).
- RAPOSO ABOGADOS S.L.P. 1.815,00 €
Por asistencia letrada en recurso de apelación contencioso-administrativo PO 61/19, s/factura núm. 54/2023.
- ASPY PREVENCIÓN S.L.U. 180,00 €
Por recoñecementos médicos ao persoal do Punto de Atención á Infancia (PAI), s/factura núm. 2023065402.
- CELSO GONZÁLEZ JORGE 538,57 €
Por traballos de reparación do vehículo da AVPC, s/factura núm. C 9991.

- SILVIA GRANJA PEREIRA 18,95 € E 9,00 €
Por subministro de diverso material para o Punto de Atención á Infancia (PAI), s/facturas núm. 31/23 e 40/23.
- QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES S.A.U. 82,06 €
Por prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria a usuarios do Concello no mes de xuño de 2023, s/factura núm. 23ZNX0120609 (FACe).
- SERVIUM SISTEMAS S.L.U. 1.518,19 € E 748,14 €
Por diversas reparacións en edificios e instalacións municipais, s/facturas núm. 190 e 192 (FACe).
- MARÍA JOSÉ DÍAZ MARTUL 14,52 € E 12,10 €
Por reparación de pneumáticos de vehículos municipais, s/facturas núm. A/1558 e A/1559.
- JESÚS DIÉGUEZ OSORIO 235,95 €
Por traballos de mantemento de puntos de alumado público, s/factura núm. 18/2023.
- MARCOS GARCÍA VILLANUEVA 1.346,73 €
Por diversos traballos de reparacións eléctricas no alumado público municipal, s/factura núm. 65.
- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 785,29 €
Por diversos traballos de reparacións eléctricas no alumado público do Concello, s/factura núm. 61/23.
- MANUEL JORGE ALBOR 1.591,70 €
Por diversos traballos de reparacións eléctricas no alumado público do Concello, s/factura núm. 44.
- FELIPE LÓPEZ CORRAL 2.244,55 €
Por diversos traballos de reparacións eléctricas no alumado público do Concello, s/factura núm. 830.

- PABLO GARCÍA PAIS 2.801,69 €
Por traballos de reparación de diversa maquinaria municipal, s/factura núm. 2023-0078.
- CELSO GONZÁLEZ JORGE 882,74 €
Por traballos de reparación da desbrozadora municipal, s/factura núm. C 9989.
- JAIME RODRÍGUEZ JORGE 274,67 €
Por diversos traballos de reparacións de avarías na rede de abastecemento municipal, s/factura núm. 62/23.
- CONSTRUCCIONES NÉSTOR FERNÁNDEZ S.L. 302,50 €
Por traballos de reparación de avaría na rede de abastecemento en Pescoso, s/factura núm. 07.
- CELSO GONZÁLEZ JORGE 1.206,29 €
Por diversas reparacións do camión de recollida do lixo, s/factura núm. C 9990.
- SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE S.A. 5.235,19 €
Por tratamento dos residuos sólidos do Concello no mes de abril de 2023, s/factura núm. 2023/1761 (FACe).
- ALBA VARELA DIÉGUEZ 70,00 €
Por invitación servida ao xurado do concurso da iniciativa “Rodeiro de tapas 2023”, s/factura núm. T388.
- ODAIKO KREA S.L. 2.359,50 €
Por instalación de carpa para a festa infantil organizada polo Concello co gallo do San Antonio en Rodeiro, s/factura núm. 104 (FACe).
- CARLOS ROMERO MORA 385,00 €
Por realización da actividade de maxia dentro do programa “Ler conta moito”, s/factura núm. CR23/019.

- ANA MARÍA DO VAL LÓPEZ 484,00 €
Por reparación de marcos de cadros do museo municipal, s/factura
núm. A/6.
- R.M. PRINT GALICIA S.L. 318,23 €
Por subministro de vinilos para as ventás do museo, s/factura núm.
A/2023129.
- PROSAGA S.L. 1.096,26 €
Por subministro de repostos de parches e baterías para o desfibrilador do
ximnasio municipal, s/factura núm. 305647 (FACe).
- MARCOS GARCÍA VILLANUEVA 695,95 €
Por traballos de instalación de videocámara no pavillón polideportivo
municipal, s/factura núm. 56.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as dez horas corenta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde
(*sinatura dixital*)